

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

10369 *Real decreto 697/2013, do 20 de setembro, polo que se regula a organización e funcionamento dos comités de coordinación aeroportuaria.*

O Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, modifica o artigo 13 do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego; establece o réxime xurídico básico dos comités de coordinación aeroportuaria, e prevé que, con suxeición ao disposto no dito precepto, o Goberno regulará a composición e o funcionamento destes comités.

Conforme isto, mediante este real decreto regúlase a composición, organización e funcionamento dos comités de coordinación aeroportuaria, como órganos colexiados de carácter consultivo que garanten a participación das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, das corporacións locais e das organizacións económicas e sociais máis representativas nos aeroportos atribuídos á xestión e explotación de «Aena Aeropuertos, S.A.».

Así mesmo, abórdase a regulación das comisións de coordinación dos aeroportos con maior volume de tráfico e a súa constitución.

Na tramitación deste real decreto tívose en conta o parecer das comunidades autónomas e deuse audiencia á Federación Española de Municipios e Provincias, aos xestores aeroportuarios, ás organizacións sindicais e empresariais e ao Consello Superior de Cámaras de Comercio.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de setembro de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular a composición, organización e funcionamento dos comités de coordinación aeroportuaria e as comisións de coordinación dos aeroportos de maior tráfico, en desenvolvemento do previsto no artigo 13 do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, polo que se aproban actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego, modificado polo artigo 33 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

CAPÍTULO II

Composición e adscrición dos comités de coordinación aeroportuaria

Artigo 2. *Composición e adscrición.*

1. Os comités de coordinación aeroportuaria intégranse no Ministerio de Fomento, a través da Secretaría Xeral de Transportes, sen participar na súa estrutura xerárquica.

2. Cada comité de coordinación aeroportuaria estará integrado:

- a) Polo presidente, que será o secretario xeral de Transportes.
- b) Por dez vogais, segundo a seguinte distribución:

1.º Dous vogais en representación da respectiva comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, designados polo conselleiro responsable en materia de aeroportos ou o conselleiro responsable en materia de transportes, no caso das cidades con estatuto de autonomía e aquelas comunidades autónomas que non asumisen efectivamente as súas competencias en materia de aeroportos.

2.º Tres vogais en representación de «Aena Aeropuertos, S.A.», designados polo seu consello de administración, un dos cales actuará como secretario.

3.º Tres vogais en representación das corporacións locais, designados por proposta da asociación de municipios e provincias de ámbito autonómico máis representativa.

A representación proposta pola asociación de municipios e provincias de ámbito autonómico máis representativa poderá ser de dous vogais en representación dos municipios e un vogal en representación das provincias. Neste caso, a representación dos municipios e as deputacións poderá ser rotatoria, logo da designación para un determinado período de tempo.

4.º Un vogal en representación das cámaras de comercio da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, designado polo presidente do consello de cámaras da comunidade ou cidade autónoma, se o houber. En caso contrario, será nomeado por acordo das cámaras da comunidade autónoma.

5.º Un vogal en representación das organizacións económicas e sociais da respectiva comunidade ou cidade autónoma, designado polo órgano competente da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía.

Na proposta ou designación dos vogais deberase ter en conta, na medida do posible, o carácter técnico e profesional do comité co obxectivo de conseguir a maior autonomía á hora de tomar decisións.

3. En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outra causa xustificada, os membros do comité serán substituídos polos seus suplentes.

A designación dos suplentes corresponde, respectivamente, ao secretario xeral de Transportes e aos responsables da designación do vogal titular conforme o previsto no número 2.

Artigo 3. *Presidente.*

Corresponde ao presidente:

- a) Desempeñar a representación do comité.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día, tendo en conta, se for o caso, as peticións dos vogais formuladas coa suficiente antelación.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates, para efectos de adoptar acordos.
- e) Asegurar o cumprimento das leis.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos do comité.
- g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente ou lle atribúa o Pleno.

Artigo 4. *Vogais.*

Corresponde a cada un dos vogais:

- a) Recibir, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a convocatoria coa orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará á disposición dos membros en igual prazo.
- b) Participar nos debates das sesións.
- c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- d) Formular rogos e preguntas.
- e) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

Artigo 5. *Secretario.*

1. Corresponde ao Consello de Administración de Aena Aeropuertos, S.A. a designación do vogal que actuará como secretario.
2. Corresponde ao secretario:
 - a) Asistir ás reunións.
 - b) Efectuar a convocatoria das sesións por orde do presidente, así como as citacións aos membros do comité.
 - c) Recibir os actos de comunicación dos membros co comité e, por tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos cales deba ter coñecemento.
 - d) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.
 - e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
 - f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario.

CAPÍTULO III

Funcionamento dos comités de coordinación aeroportuaria

Artigo 6. *Sesións.*

1. O comité de coordinación aeroportuaria reunirse, en sesión ordinaria, polo menos dúas veces ao ano e, en sesión extraordinaria, cantas veces sexa preciso, por acordo do presidente ou cando o soliciten a maioría absoluta dos vogais.

Nos termos que acorde o comité, poderán participar nas súas reunións, sen dereito a voto, representantes da Dirección Xeral de Aviación Civil, da Axencia Estatal de Seguridade Aérea e dos usuarios dos aeroportos, así como os xestores dos aeroportos de competencia autonómica e expertos nas materias que se vaian abordar na respectiva reunión.

2. O comité poderá acordar a creación, temporal ou permanente, de comisións específicas. As funcións, composición, funcionamento e participación nestas comisións será a que acorde o comité.

Artigo 7. *Convocatorias.*

1. Para a válida constitución do comité, para efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do presidente e a metade dos vogais, entre os que se deberá encontrar o que actúe como secretario.

2. A convocatoria irá acompañada dunha orde do día e non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure nela, salvo que estean presentes todos os membros do comité e polo voto favorable da maioría se acorde a incorporación á orde do día.

3. Os acordos serán adoptados por maioría simple de votos e o presidente gozará de voto dirimente.

Artigo 8. Actas.

1. O secretario elaborará unha acta de cada reunión do comité en que especificarán os asistentes, a orde do día, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

2. Na acta figurará, por solicitude dos respectivos membros do comité, o sentido do voto, así como os motivos que xustifiquen os votos discrepantes.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas. O voto particular incorporárase á acta da reunión.

4. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión. Non obstante, o secretario poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

Artigo 9. Outras normas de funcionamento.

Os comités de coordinación aeroportuaria poderán completar o disposto neste capítulo establecendo as súas propias normas internas de funcionamento conforme o previsto no artigo 22.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nas cales se poderá establecer, entre outras cuestións, a forma de adoptar acordos sen necesidade de celebrar reunións presenciais.

CAPÍTULO IV**Comisións de coordinación en aeroportos de maior tráfico****Artigo 10. Constitución de comisións de coordinación de aeroporto.**

Por proposta do correspondente comité de coordinación, por orde do ministro de Fomento, poderase constituír unha comisión de coordinación naqueles aeroportos que existiren un tráfico anual superior aos oito millóns de pasaxeiros.

Artigo 11. Composición e funcións das comisións de coordinación de aeroporto.

1. O comité de coordinación poderá delegar nas comisións de coordinación de aeroporto a totalidade ou parte das competencias que ten atribuídas no tocante a ese aeroporto.

2. Cada comisión estará integrada:

- a) Polo director do aeroporto como membro de pleno dereito.
- b) Por un representante da respectiva comunidade autónoma.
- c) Por un representante dos municipios do ámbito aeroportuario.

A orde de constitución designará os vogais a que se refiren as letras b) e c) ou, noutro caso, o procedemento para a súa designación.

Disposición adicional primeira. Constitución dos comités de coordinación aeroportuaria.

1. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto, «Aena Aeropuertos, S.A.» requirirá os órganos competentes para a designación dos membros dos respectivos comités e dos seus suplentes.

Sen prexuízo de cal sexa o órgano competente da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía para efectuar a designación dos vogais que corresponda, a

solicitude de Aena Aeropuertos, S.A. realizarase a través do conselleiro de aeroportos ou de transportes, segundo sexa o caso, da respectiva comunidade ou cidade autónoma.

2. A sesión constitutiva do comité de coordinación aeroportuaria celebrarase:

- a) Unha vez designados os vogais e os seus suplentes, ou
- b) Transcorrido o prazo de tres meses desde que Aena Aeropuertos, S.A. requirise a designación sen que esta se producise e sempre que, polo menos, estea designado un terzo dos membros do comité, incluídos os membros natos.

3. Os comités iniciarán o exercicio das súas funcións desde o momento en que se constitúan.

Disposición adicional segunda. *Gastos de funcionamento.*

1. Sen prexuízo da normativa autonómica ou local que poida resultar de aplicación, a asistencia ás reunións dos membros do comité de coordinación aeroportuaria ou das comisións de coordinación de aeroporto non dará dereito a percibir axudas de custo e cada un deles correrá cos gastos ocasionados pola dita asistencia.

2. Os gastos de funcionamento distintos dos previstos no número anterior, así como os derivados do exercicio das funcións de secretaría, serán sufragados a partes iguais polas organizacións que designen vogais nos comités, salvo os relativos ás retribucións que correspondan ao persoal asignado ás funcións de secretaría, que serán asumidos por Aena Aeropuertos, S.A.

Disposición derradeira primeira. *Réxime supletorio.*

No non previsto no artigo 13 do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, neste real decreto e nas súas respectivas normas de funcionamento interno, será de aplicación o título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas que atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.^a da Constitución en materia de aeroportos de interese xeral, control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de setembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN